



Ref.: ae/md  
Expediente 756/18  
Asunto: Orde de sexto procedimiento de integración voluntaria

**INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLO QUE SE CONVOCÀ O SEXTO PROCEDIMENTO DE INTEGRACIÓN VOLUNTARIA NO RÉXIME ESTATUTARIO PARA O PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DOS HOSPITAIS DEPENDENTES DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.**

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, en relación co proxecto de Orde polo que se convoca o sexto procedimento de integración voluntaria no réxime estatutario para o persoal funcionario e laboral dos hospitais dependentes do Servizo Galego de Saúde, emite o seguinte:

**INFORME**

**1. Marco normativo e competencial**

O Decreto 447/1996, de 26 de decembro, regula as bases para a homologación e integración no réxime estatutario do persoal funcionario e laboral dos centros transferidos, facultando á Consellería de Sanidade para adoptar as medidas de desenvolvemento e execución necesarias.

A Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, estable na súa disposición adicional quinta a posibilidade de que os centros, institucións ou servizos de saúde convoquen procedementos de integración voluntaria no réxime estatutario dirixidos ás persoas que presten servizo en tales centros, institucións ou servizos na condición de funcionarios de carreira ou en virtude de contrato laboral fixo.

Así mesmo, á Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, recolle no seu artigo 112 o mandato de promover a integración directa e voluntaria, do persoal con outros vínculos, na condición de persoal estatutario.

En cumprimento do establecido, realizáronse cinco convocatorias de integración. Nestes procedementos de integración participaron os profesionais interesados pero houbo outros profesionais que optaron pola continuación no seu réxime xurídico.

Na actualidade, o punto 15 (outras cláusulas) do Acordo polo que se establecen as bases da carreira profesional no ámbito do Servizo Galego de Saúde e as entidades adscritas á Consellería de Sanidade e ao dito organismo, asinado o 6 de xullo de 2018 na mesa sectorial de negociación do persoal estatutario, aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión do 19 de xullo de 2018 e publicado no Diario Oficial de Galicia, número 144, do 30 de xullo, dispón que por ordes da Consellería de Sanidade realizaránse, no segundo semestre de 2018, novas ofertas de integración no réxime estatutario dirixidas, entre outros colectivos, ao persoal funcionario e laboral fixo incluído no ámbito de aplicación do referido Decreto 447/1996, do 26 de decembro.



Ao conselleiro de sanidade correspóndelle o exercicio da potestade regulamentaria nas materias da súa consellería tal e como recolle o artigo 34.6 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

De conformidade co artigo 7.1 do Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, corresponde a Subdirección Xeral de Régime Xurídico e Administrativo da Secretaría Xeral Técnica, a través do Servizo Técnico Xurídico, a tramitación dos proxectos de disposicións de carácter xeral.

No procedemento de elaboración deste proxecto de orde seguiuse o establecido no Regulamento de Régime Interior da Xunta de Galicia, no Decreto 111/1984, do 25 de maio, e no Título II da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamiento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) e no disposto na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

## 2. Necesidade e oportunidade.

Tendo en conta o exposto, con esta convocatoria do sexto procedemento de integración voluntaria procédese a apertura dun prazo de opción de integración no régime estatutario, en idénticas condicións que as xa celebradas, do persoal funcionario de carreira e persoal fixo dos centros hospitalarios das Xerencias da Coruña; de Ferrol; de Santiago de Compostela; de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos; de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras; de Pontevedra e o Salnés e de Vigo.

Como consecuencia, o persoal que se integre seralle de aplicación o régime retributivo da categoría estatutaria na que se produza a integración. Así mesmo, o persoal que opte pola integración e perciba retribucións superiores ás correspondentes á categoría de homologación no Servizo Galego de Saúde, recoñeceráselle un complemento persoal e transitorio que abranguerá esa diferencia retributiva.

Así mesmo, o persoal unha vez integrado poderá acceder ao grao I nas condicións e cos mesmos efectos previstos no régime transitorio e excepcional de encadramento.

Polo contrario, o persoal que non exerza o seu dereito a optar pola integración, manterán o seu régime xurídico e económico actual e seguirán dependendo orgánica e funcionalmente do Servizo Galego de Saúde, suxeitos ao régime de funcionamento e xestión que determine a dirección do centro onde estean adscritos.

## 3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescripcións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamiento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.



Así, o centro directivo impulsor remitiu á Subdirección Xeral de Régime Xurídico e Administrativo o borrador da disposición acompañado dos seguintes documentos:

- unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade (artigo 41.2, a da Lei 16/2010, do 17 de decembro).
- unha memoria económica-financeira (artigo 41.2, b da Lei 16/2010, do 17 de decembro).
- unha táboa de vixencias.
- un certificado da celebración da mesa sectorial do 20 de xullo de 2018 onde se presentou a Orde pola que se convoca o sexto procedemento de integración voluntaria no régime estatutario para o persoal funcionario e laboral dos hospitais dependentes do Servizo Galego de Saúde e abriuse un prazo de alegacións, ata o 14 de setembro sobre o seu contido. Certificouse que os textos foron obxecto de tratamento cos delegados/as de persoal e os comités de empresa, nas xerencias do Servizo Galego de Saúde nas que perviven os devanditos órganos de representación. O 16 de novembro de 2018 celebrouse unha nova reunión da Mesa Sectorial na que a Administración deu resposta ás alegacións presentadas polas organizacións sindicais e expuxo e motivou as modificacións introducidas, debatéreronse e deuse por finalizada a negociación

Consta no expediente o acordo de inicio do procedemento de elaboración do proxecto de orde asinado pola persoa titular da Consellería de Sanidade, (artigo 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Régime Xurídico e Administrativo elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto por parte da persoa titular da Consellería de Sanidade (artigos 41.2, c e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, o proxecto de orde publicouse na páxina web da Consellería (portal de transparencia e goberno aberto) na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación.

Non obstante, non se celebrou o trámite de audiencia, conforme ao artigo 42.6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, polo carácter puramente organizativo da norma.

Na tramitación do proxecto e ao amparo do esixido no artigo 42 da LOFAXGA así como na pertinente normativa sectorial de aplicación, solicitáronse, con data 4 de decembro de 2018, informes á Subdirección Xeral de Xestión Técnico-Administrativa e Orzamentaria da Secretaría de Igualdade, á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos así como á Dirección Xeral de Función Pública.

A Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa da Secretaría Xeral de Igualdade, o 13 de decembro de 2018, considera que non debe emitir informe xa que o régime estatutario está incluído no sistema sanitario, expresamente excluído do ámbito de actuación dese centro directivo. O resto dos informes solicitados foron favorables á tramitación.



A Asesoría Xurídica da Consellería de Sanidade, o 21 de decembro de 2018, emite informe favorable por entender que o proxecto cumpre os requisitos legais esixidos e goza por tanto de fundamento competencial e normativo para aprobar o proxecto.

#### 5. Legalidade

En cumprimento do disposto no artigo 43.4 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase á aprobación definitiva da persoa titular da Consellería de Sanidade.

De acordo co indicado considérase que o proxecto de Orde pola que se convoca un sexto procedemento de integración voluntaria no réxime estatutario para o persoal funcionario e laboral dos hospitais dependentes do Servizo Galego de Saúde reune las condicións esenciais para su aplicación e efectividad por lo que se emite la siguiente

#### PROPOSTA

De acordo co indicado, considero que este proxecto de orde reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que emito a seguinte proposta:

INFORMAR FAVORABLEMENTE este proxecto de orde conforme a súa legalidade.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2018

A subdirectora xeral de Régime Xurídico e Administrativo

Laura Recacho Rivas

A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, logo de ver a proposta da subdirectora xeral de Régime Xurídico e Administrativo da Consellería de Sanidade considera que o proxecto de orde sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que o informa favorablemente (artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2018

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada.